

VIERNES, 21 de septiembre de 2007

ENTREVISTA: MARÍA DO CEBREIRO | POETA | LUCES

"Como escritora, contradígame todo o tempo"

DANIEL SALGADO | 21 SEP 2007

Archivado en: [Escritores](#) [Poesía](#) [Gente](#) [Literatura](#) [Sociedad](#) [Cultura](#)

En *Objetos perdidos*, que publica a editorial asturiana Trea, María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) escolma e traduce ao castelán os seus cinco libros de poemas. O estadio do espello, de 1999, supuxo o primeiro chanzo dunha traxectoria na que ningunha etapa reincide na anterior. Entre a escrita frondosa e manifestaria de (nós, as inadaptadas) e o desafío ético, e rítmico, d'Os hemisferios -a súa última obra-, a poeta asegura sentir "pavor" perante a repetición. "A poesía ten que ver coa idea de ilusión, con pensar que podes facer. Coa produción do novo, en definitiva".

Pregunta. Na nota introdutoria de *Obxectos perdidos* fala de "liquidación". Agora que?

"Aprendín a vivir escribindo e agora resultaría difícil vivir sen escribir"

Resposta. Emprego liquidación nun sentido análogo ao Manuel Outeiriño que fala de *Letras vencidas* [título do segundo poemario do autor]. A metáfora económica: liquidar, vencer. Case sempre que acabo de escribir un libro penso que vai ser o último, que me baleirei e que non necesito dicir nada máis. Sempre escribo dende a sensación de que non é necesario dicir nada máis e, ao mesmo tempo, non podo evitar seguir escribindo. Como escritora, estoume contradicindo todo o tempo.

"Cando se di sistema literario galego quérese dicir literatura nacional galega"

P. Certa crítica cuñou a súa obra de posmoderna...

"Esfórzome por dar algo que non dei. Para min a poesía está ligada á produción do novo"

R. Non me gusta esa etiqueta. Entendo o sentido no que o din, pero hai palabras máis exactas. Se cadra están pensando na poesía como construción, na identidade como construción, nas moitas perspectivas, pero farían ben en dicilo. Para min, a posmodernidade é unha cara máis da modernidade, que non é un proceso pechado. O problema de posmoderno é que nunca se sabe moi ben se se quere falar dun estilo ou dun tempo. Para falar dun tempo non é oportuna, xa sabemos que non, e como concepto estilístico hainos máis precisos.

P. Cada un dos seus libros semella fuxir do anterior. Nesas variacións, canto hai de premeditado e canto hai de achádego?

R. Na variación tonal e de voces de cada libro hai moi pouco de azoroso. Penso nos libros como unidades de sentido pechadas. A construción é importantísima, o que fai un libro de poemas. E aínda que un autor non queira construír, a mirada constrúe. Eu, como un pintor, creo as cores, os materiais, e logo recompóñoos, pégoos, úsoos. Ao final, todo o traballo é imperfecto e nun intre cansamos e temos que rematar, aínda que sexa só por cansazo. O que non resulta premeditado é o impulso de dicir e cada vez que me atrevo a facelo teño que xustificalo, nun sentido que non sexa só individual.

P. Hai progreso en literatura?

R. Existe. E a crítica á posmodernidade tamén vén por aí, porque a posmodernidade en xeral ataca o progreso partindo dunha idea de progreso que non está vixente: unha crítica falsa. O progreso non é liñal nin teleolóxico, é unha noción máis aberta ca iso. Na concepción artística, danse fluxos e refluxos, ás veces ao xeito pendular. Mais non podo evitar ver como retrocesos moitas cousas das que leo.

P. Avance mellor que progreso...

R. Por fortuna a literatura avanza, e tamén retrocede. En poesía nótase cando se está escribindo noutros tempos. Hai que escribir en presente e facer un esforzo moi grande por saber que chan pisamos ao escribir. Sentir o lugar como algo cargado de tempo.

P. Por que escribe?

R. O meu modo de relacionarme co mundo, a miña educación sentimental, está mediatizado pola escritura. Escribir e ler teñen algo físico ligado ao xeito en que me construí na infancia, algo encarnado, corporal. Relaciono escribir con dar e recibir coñecementos e afectos, como se fosen o mesmo. Aprendín a vivir escribindo e agora resultárame difícil vivir sen escribir.

P. Interfire a súa condición de teórica da literatura?

R. Ás veces non é fácil ser parte e xuíz, tratar de observar a realidade circundante e ao mesmo tempo estar plenamente instalada nela. Mais para min non son condicións incompatíbeis. Estráñame que no noso entorno se vexan como tales. Porque hai moitas tradicións que proban que esa foi a condición natural de quen escribían. Amólame que se desvinculen os dous procesos porque ao final iso abunda nunha imaxe naif, romántica no mal sentido da palabra, do que ten que ser un escritor. Un escritor ten que ser unha persoa consciente. A teoría dá coñecemento e desapego do inmediato. Tamén me serve para restarlle valor ao que fago, para tirarlle sentido romántico da individualidade.

P. E reflíctese nos textos?

R. A imaxe que o explica é a do deus romano das encrucilladas, Xano, o que miraba a un lado e a outro ao mesmo tempo, con dous pares de ollos, e só se comunicaba pola caluga. O coñecemento nunca estorba pero, e isto pode entrar en contradición co que dixen antes, cando estás coas mans na fariña un debe gardar a inconsciencia. Díxoo T.S. Eliot: "Ao mal escritor recoñecémolo porque é inconsciente cando debe ser consciente". E ao revés.

P. Nos seus libros, a posición perante a linguaxe resulta moi diferente...

R. A escultura non é a arte de poñer senón a de baleirar e a min o baleirado interésame moito. Quizais había certo horror vacui en (Nós, as inadaptadas) ou en O estadio do espello, e n'Os hemisferios quixen que se sentisen os baleiros, que respirasen. Fíxenme un pouco máis postatómica, poscuántica, non é? No que escribo agora, Non son de aquí, volve haber fluxo, unha narratividade enganosa. Pero a aprendizaxe d'Os hemisferios vai comigo. Dáme pavor a repetición e, aínda que poida ser un erro, penso que teño a obriga de arriscar de cada vez. Isto parte dunha idea de orixinalidade non apegada ao individuo senón á comunidade. Esfórzome por dar á comunidade algo que non dei. Para min a poesía está ligada á produción do novo.

P. Resulta operativo falar de sistema literario na Galiza?

R. É perverso non nos interrogar sobre o uso das palabras e a tarefa do pensamento é loitar contra as evidencias. O que se quere dicir cando se di sistema literario galego é literatura nacional galega. O sistema literario galego é máis amplo e complexo. Ademais, sempre que se utilizan adxectivos territoriais para cualificar a literatura, entramos nun denso pozo de problemas. Xente como Fernando Cabo, Arturo Casas ou Iris Cochón teñen reflexionado en profundidade sobre este asunto.

P. Por onde avanza a poesía galega?

R. Interésame a oralidade de Anxo Angueira ou de Emilio Araújo, tan diferentes entre si. Xavier Cordal como poeta, de quen me encantaría un libro novo. Teño especial devoción por Manuel Outeiriño. Logo de ler o seu Depósito de espantos, pouco menos que me decidín a escribir. A potencia imaxinativa e de crear mundos de Chus Pato. Méndez Ferrín, por supostísimo. Xohana Torres, Afonso Pexegueiro. Para min debuxan unha tradición oculta que hai que recompoñer: escollemos os nosos avances, o noso progreso, a nosa tradición e iso atenta contra o concepto liñal. Rosalía de Castro, claro.